

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2018 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 16 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 20 da Orde do 16 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, as entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas.

Crédito orzamentario inicial de 200.000 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.21 e código de proxecto 201400027.

No que se refire aos beneficiarios, importe e finalidade, véxase o anexo.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Orde	Entidade	Programa	Contía programa
1	Asociación ATOX	Piso de acollida para a incorporación social	40.000 €
2	Asociación Érguete	Programa social de apoio a procesos terapéuticos I	40.000 €
3	Asociación Érguete	Programa social de apoio a procesos terapéuticos II	40.000 €
4	Asociación Érguete	Programa social de apoio a procesos terapéuticos III	40.000 €
5	Asociación Rexurdir Provincial	Piso de apoio ao tratamento, social e laboral ao drogodependente	40.000 €

